



Creados por amor: a espiritualidade cristiá



Andrés Torres Queiruga

1.- Presentación

A espiritualidade é o trazo especificamente humano, aquel polo que o home e a muller «emerxen» sobre a animalidade, non anulándoa, senón acolléndoa e apoiándose nela para construírse como persoas. A persoa é constitutivamente un ser en construción. E a espiritualidade pertence aos estadios últimos dese proceso, nunca acabado.

A persoa relixiosa, por remitirse ao Absoluto, como fin, compañía e fundamento da súa vida, considera que na relixión culmina a realización humana. Pero, xustamente por situarse nas últimas derivacións da emerxencia, pertence ao sempre buscado e sempre discutido. Pode mesmo pode ser negada, como sucede en certas manifestacións dun positivismo extremo, acusándoa, por exemplo, de «espiritualismo» alienante. O normal é que a crítica ou non aceptación do relixioso como culminación humana veña ou ben de pensar que a relixión como tal falsea –obxectivándoo, limitándoo, dogmatizándoo...– o sentido da emerxencia persoal, ou ben porque se xulgan incorrectas ou anacrónicas determinadas maneiras de a interpretar e vivir. O caso típico, que tende a mesturar ambos motivos, en diversas proporcións segundo os autores, é o nacemento dunha «espiritualidade atea».

A coidadosa e meditada exposición de Ramón Cao neste número da revista dá boa conta das diversas manifestacións no momento actual. Faino con comprensión empática e acertadas alertas críticas. Non vou entrar directamente nese diálogo. Interésanme algunhas consideracións de carácter máis xeral.